

CRÓNICA DUNHA LOITA GAÑADA

A CEMENTEIRA COSMOS, INCINERACIÓN TAMÉN NO BIERZO

Luis Fernández Canedo*

ANTECEDENTES

En xaneiro de 2007 faise pública a Autorización Ambiental a Cementos Cosmos, para utilizar como combustíbel alternativo nos fornos da fábrica de Toral de los Vados, os seguintes refugallos: pneumáticos, fariñas e graxas animais, lodos de depuradora, plástico e biomasa. Ecoloxistas en Acción da provincia de León presentou alegacións ao proxecto ante o Servizo Territorial de Medio Ambiente da Xunta de Castela e León, e en abril dese mesmo ano, organizou unha charla no salón de actos de Caixa España, para informar dos perigos que o proxecto crearía para a saúde, o medio ambiente e a economía da comarca, eponse en marcha a recollida de sinaturas contra o proxecto.

Un ano despois, en xaneiro de 2008, tivo lugar a primeira manifestación contra o proxecto en Toral de los Vados. Acudimos medio cento de persoas, a maioría caras coñecidas do mundo ecoloxista da comarca, aínda que tamén estiveron algunhas persoas do pobo e do seu contorno.

PLATAFORMA "BIERZO AIRE LIMPIO"

Non será até abril de 2008, cando varias asociacións e cidadáns sensibilizados e sensibilizadas pola situación medioambiental do Bierzo crean en Cacabelos unha Plataforma de oposición ao proxecto de incineración de residuos na cementeira de Cosmos. Foi esta plataforma a que convocou a segunda manifestación en Toral de los Vados, e duplicou o número de asistentes da primeira. Na concentración informamos da concesión naqueles días da Autorización Integral a Cosmos para incinerar os refugallos.

A oposición a este proxecto ía cada vez a máis. En novembro, a Plataforma Bierzo Aire Limpio convoca a súa primeira mobilización en Ponferrada, capital da comarca, onde conseguiu xuntar 2.000 persoas. Esta foi a meirande manifestación pola defensa do medio ambiente celebrada no Bierzo.



O 21 de xuño de 2008 a Plataforma Bierzo Aire Limpio convocou unha concentración diante da cementeira de Toral de los Vados.



Salvemnos El Bierzo conseguiu reunir 8.000 persoas en Ponferrada o pasado 14 de xuño.

VENCEU A DEFENSA DO MEDIO

A Xunta de Castela e León concedeu unha prórroga dun ano máis a Cosmos para desenvolver o proxecto. Durante ese tempo, Bierzo Aire Limpio mantivo a chama reivindicativa acesa, realizando diversas actividades. Destacamos as relacións que mantivemos con plataformas doutras comunidades que loitaban polo mesmo que nós, e que logo derivaron na creación da Plataforma estatal contra a incineración en cementeiras, que foi recibida polo Ministerio de Medio Ambiente e polos voceiros parlamentarios de EU e o PSOE.

Con motivo da Asemblea anual de Bierzo Aire Limpio deste ano, convocamos outra marcha en Toral de los Vados con destino á cementeira. Eramos conscientes de que o tema se enfriara pero era necesario poñelo de novo de actualidade, xa que o 28 de xuño concluía o prazo outorgado de prórroga que se lle concedera á empresa Cosmos. Había que facer algo.

Un dos nosos amigos, Álvaro, propietario da Taberna del Che en Carracedelo, foi o artífice, acompañado por outro amigo, Darío, da creación de "Salvemnos El Bierzo", entidade que na última etapa da loita conseguiu aglutinar a todos os sectores que viven do medio ambiente na comarca e mobilizar unhas 8.000 persoas na manifestación do pasado 14 de xuño, en plenas eleccións municipais. Tamén o atleta berciano Miguel Basurco, correu 7 maratóns durante 7 días consecutivos para mover consciencias e sentimentos pola defensa da nosa terra.

A presión que suscitaron ambos os dous feitos, xunto coa entrega de máis de 10.000 sinaturas en contra do proxecto e a difusión da reivindicación a un amplo sector da sociedade, conseguiron influir suficientemente na Xunta para que revisase concienzudamente a autorización ambiental outorgada e denegala por incumprimento.

* Luis Fernández Canedo é membro da asociación Bierzo Aire Limpio, + info: www.bierzoairelimpio.org, www.ecologistasenaccion.org